

Concello de Viveiro

BASES ESPECÍFICAS PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DUN ELECTRICISTA, DOUS PINTORES E TRES PEÓNS COMO PERSOAL LABORAL PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS OU PRESTACIÓNS DE SERVIZOS NO CONCELLO DE VIVEIRO, INCLUIDAS NO PROGRAMA DEPUEMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

1.-OBXETO DA CONTRATACIÓN.

Por parte do concello de Viveiro vaise proceder á contratación de 8 traballadores para a realización de obras e de prestación de servizos de competencia municipal.

A totalidade dos contratos encádranse no Plan Depuemprego financiado pola Excm. Deputación Provincial de Lugo mediante o “PLAN ÚNICO 2017”.

Este Plan creouse para a realización de programas de dinamización económica, mediante a contratación de traballadores en situación de desemprego, para a execución de obras ou a prestación de servizos de competencia municipal que contribúan ao desenvolvemento económico e social do Concello, en especial, dos seus habitantes.

A presente convocatoria ten por obxeto a selección de seis traballadores, mediante o sistema de concurso, segundo as bases xerais polas que se establecen as normas para a selección do persoal mediante contratación temporal vinculada ao convenio do Programa Depuemprego “PLAN ÚNICO” para a execución e realización das obras e de prestación de servizos que se relacionan nos apartados seguintes:

2.- CARACTERÍSTICAS DAS CONTRATACIÓNS - REVALORIZACIÓN DE ESPAZOS URBANS

A. BASES ESPECÍFICAS DO POSTO DENOMINADO: ELECTRICISTA

a) N.º de postos que se convocan: 1

b) Relación xurídica co Concello.- Persoal laboral temporal, contrato temporal de duración determinada na modalidade “obra ou servizo determinado” a xornada completa, oficial de primeira, vinculado ao Convenio coa Deputación Provincial de Lugo “Programa Depuemprego”. O contrato terá unha duración de 6 meses. O contrato realizarase dende o 01/04/2018 ata 30/09/2018.

c) Sistema de selección: Concurso

d) Titulacións académicas esixidas para tomar parte no proceso selectivo: Técnico especialista en electricidade ou titulación equivalente.

e) Experiencia: Obrigatorio contar con experiencia profesional como electricista.

f) Acreditación específica: Figurar como demandante de emprego no Servizo Galego de Emprego.

g) Nivel de coñecemento do idioma galego: Celga 4.



Concello de Viveiro

g) Funcións: Revisión e mantemento do alumado público do Concello de Viveiro.

h) Baremo concurso:

A puntuación máxima do baremo de méritos será de 16 puntos, segundo o establecido na base 8 das bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro a través de programa Depuemprego.

B. BASES ESPECÍFICAS DO POSTO DENOMINADO: PINTOR

a) N.º de postos que se convocan: 2

b) Relación xurídica co Concello.- Persoal laboral temporal, contrato temporal de duración determinada na modalidade “obra ou servizo determinado” a xornada completa, oficial de primeira, vinculado ao Convenio coa Deputación Provincial de Lugo “Programa Depuemprego”. O contrato terá unha duración de 6 meses. O contrato realizarase dende o 01/04/2018 ata 30/09/2018.

c) Sistema de selección: Concurso

d) Titulacións académicas esixidas para tomar parte no proceso selectivo: Non se esixe titulación.

e) Experiencia: Obrigatorio contar con experiencia profesional como pintor.

f) Acreditación específica: Figurar como demandante de emprego no Servizo Galego de Emprego.

g) Nivel de coñecemento do idioma galego: Celga 1.

g) Funcións: Mantemento das zonas pintadas do Concello coma pasos de peóns, carteis, zona azul, espazos públicos.

h) Baremo concurso:

A puntuación máxima do baremo de méritos será de 16 puntos, segundo o establecido na base 8 das bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro a través de programa Depuemprego.

C. BASES ESPECÍFICAS DO POSTO DENOMINADO: PEÓN

a) N.º de postos que se convocan: 3

b) Relación xurídica co Concello.- Persoal laboral temporal, contrato temporal de duración determinada na modalidade “obra ou servizo determinado” a xornada completa, peón, vinculado ao Convenio coa Deputación Provincial de Lugo “Programa Depuemprego”. O contrato terá unha duración de 6 meses. O contrato realizarase dende o 01/04/2018 ata 30/09/2018.

c) Sistema de selección: Concurso

d) Titulacións académicas esixidas para tomar parte no proceso selectivo: Non se esixe titulación.

e) Experiencia: Non é obrigatorio contar con experiencia profesional como peón.

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

f) Acreditación específica: Figurar como demandante de emprego no Servizo Galego de Emprego.

g) Nivel de coñecemento do idioma galego: Celga 1.

g) Funcións: Mantemento das zonas verdes do Concello.

h) Baremo concurso:

A puntuación máxima do baremo de méritos será de 16 puntos, segundo o establecido na base 8 das bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro a través de programa Depuemprego.

NÚM. TRAB.	GRUPO COTIZAC. SEG. SOC.	OCUPACIÓN	CNAE 2009 OCUPACIÓN	SALARIO BRUTO (1)	CUSTO UNITARIO MENSUAL			CUSTOS TOTAIS		
					%COTA PATRONAL SEG. SOC.	COTA PATRONAL Á SEG. SSOCIAL	TOTAL CUSTO MENSUAL	DURACIÓN CONTRATO EN MESES	TIPO XORNADA %	CUSTOS SALARIAIS TOTAIS
3	3	OFICIAL	8411D	1.064,42 €	37,80%	402,43 €	1.467,05 €	6	100%	26.406,90 €
3	9	PEON	8411D	899,86 €	37,80%	340,15 €	1.240,01 €	6	100%	22.320,18 €
TOTAL SUBVENCIONABLE										48.727,08 €

Período de proba: O traballador terá un período de proba de 15 días. No caso de que o traballador non pase este período, será substituído polo que se sitúe en primeiro lugar da lista de reservas.

O contrato iniciárase cando así o determine A Alcaldía, en base aos prazos e datas de inicio dos servizos nos que o traballador contratado prestará os seus servizos.

3. REQUISITOS DOS SOLICITANTES.

Os establecidos con carácter xeral nas bases xerais e específicas coa titulación esixida para ditos postos.

Viveiro, á data que consta á marxe

A ALCALDESA

María Loureiro García

(Documento asinado dixitalmente á marxe)